



Comité Intercentros
Universidade de Vigo

Nº Rexistro: UVIGO1101 Nº 200400018178

Os técnicos especialistas en xardinería e Zonas verdes remitiron a este órgano de representación o mesmo escrito que lle foi enviado a Vostede, ao Director da OMA e ao Vicerreitor de Planificación. Tras darlle lectura, na reunión do Comité Intercentros celebrada en Ourense o 9 de novembro de 2004, o Pleno acordou facer as seguintes consideracións:

Asumimos as reivindicacións feita polos traballadores e lle solicitamos que resolva, canto antes, os problemas de funcións e competencias existentes e se lle aclare a este colectivo a súa situación no organigrama conxunto que o vicerreitor de planificación propón para encadrar tódolos asuntos relacionados co mantemento das zonas verdes existentes nos tres campus.

Lembrámoslle que os técnicos especialistas en xardinería e zonas verdes están na actual RPT encadrados na Unidade Técnica e contan coa experiencia e acreditada solvencia para acometer os labores de xestión, planificación e conservación das zonas verdes axardinadas dos distintos campus. Labores, por certo, que son tarefas de mantemento –non de investigación- e que requiren dedicación e atención constante no tempo.

Así mesmo, Vostede ten que saber que calquera modificación na RPT ten que ser negociada cos representantes do persoal, tal e como está pactado no artigo 12 do actual Convenio.

Vigo 26 de novembro de 2004

O SECRETARIO DO COMITÉ
INTERCENTROS

Manuel Velasco Graña

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO